

INSCRIPCIÓN NO PROGRAMA XUVENIL DE ACTIVIDADE FÍSICA

Curso 2016/2017

Nome e apelidos do/a participante

Ano de nacemento NIF

Centro escolar

AUTORIZACIÓN DO PAI/NAI OU TITOR/A

Nome e apelidos

Enderezo

CP Poboación

NIF Tel. 1: Tel. 2:

Enderezo electrónico

Solicita: Que os recibos correspondentes ao prezo público da actividade Programa Xuvenil de Actividade Física, sexan presentados a cobro na entidade bancaria que se solicita.

CÓDIGO CONTA CLIENTE IBAN:

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

Autorizo a que sexan realizadas fotografías ou gravacións do meu fillo/a ou representado/a participando nas actividades ás que se inscribe, que pasarán a formar parte dos arquivos gráficos das actividades do Concello e poderán ser compartidas nun arquivo gráfico con outros/as participantes ou utilizadas nas publicacións municipais, tanto impresas como electrónicas.

Asdo. pai/nai ou titor/a

Oleiros, de de 201

Nota informativa: En cumprimento da Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, informámolo/a de que os datos persoais desta solicitude pasarán a formar parte dun ficheiro propiedade do Concello de Oleiros, con respecto ao cal poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, nos termos establecidos na normativa vixente, mediante un escrito presentado no Rexistro Municipal ou por correo ordinario dirixido ao Centro Cultural A Fábrica (Rúa do Inglés, nº 13 - 15172 Perillo-Oleiros) acompañado da fotocopia do DNI ou dun documento equivalente.



Xtono



Xcardio

XoVenforma

PROGRAMA XUVENIL

actividade física

O programa realizarase nas piscinas de Perillo, Oleiros e Dorneda desde o **desde 3 de outubro 2016** ata o **16 de xuño de 2017** nados/as entre 1999 e 2004

Concello de  Oleiros

OLEIROS
DEPORTE



XoVenforma PROGRAMA XUVENIL actividade física

Desde o Concello de Oleiros, somos coñecedores das limitacións que ten a mocidade para acceder á práctica regular de actividade física organizada fóra do eido federativo e competitivo. Con esta motivación nace o Programa Xuvenil de Actividade Física para a Saúde e que está composto polas seguintes actividades dirixidas:

XCARDIO: Actividade cardiovascular orientada a mellorar a resistencia aeróbica a través de actividades como o bike indoor, Bodybox ou Step.

XTONO: Actividade de tonificación de baixa intensidade orientada a mellorar o ton corporal xeral.

XZUMBA: Actividade coreografiada de música actual adaptada para a idade xuvenil.

PISCINA OLEIROS

HORARIO	LUNS	MÉRCORES	XOVES	VENRES
18:30 - 19:30	Xzumba		Xzumba	Xcardio

PISCINA PERILLO

HORARIO	MARTES	MÉRCORES	VENRES
17:00 - 18:00	Xtono		Xtono
18:00 - 19:00	Xzumba	Xcardio	Xzumba

PISCINA DORNEDA

HORARIO	MARTES	XOVES
17:30 - 18:30	Xzumba	Xzumba



Os seus obxectivos son:

- Dar resposta á demanda de actividade física para a saúde en idade xuvenil.
- Xerar unha dinámica de actividade física para consolidar hábitos deportivos.
- Evitar o abandono da práctica deportiva na etapa adolescente.
- Crear alternativas de practica deportiva fóra do campo do deporte de competición e deporte federado.
- Establecer ambientes de socialización ao redor da actividade física.

Normativa de inscrición e sistema de pagamento:

O prazo de inscrición comezará o **15 de setembro** e será por orde de chegada.

As inscricións poderán realizarse nas oficinas do Servizo Municipal de Deportes do Centro Municipal A Fábrica, ou ben ao seguinte correo deportes@oleiros.org

Deberá cubrirse a ficha de inscrición coa autorización paterna e orde de domiciliación bancaria co correspondente número de conta e IBAN.

- **Para darse de baixa** no programa, deberase presentar a solicitude desta, e entregala no Servizo Municipal de Deportes do Centro Municipal A Fábrica, antes do día 20 do mes anterior ao que se desexa causar baixa.
- O sistema de pago será por domiciliación bancaria. Prezos públicos aprox.

Non
Empadronados/as
8 €/mes

Empadronados/as
5 €/mes

